

GUIA DAS PLANTAS CON FLORES DE GALICIA

García, Xosé Ramón

Vol. I e II

Colección Montes e Fontes

Edicións Xerais De Galicia,

Vigo, 1991



Atrás queda a "Pequena flora de Galicia" (Follas Novas, 1979), que, pesie ás súas limitacións cumpriu unha importante función de divulgación e achegamento ó mundo vexetal. Agora, Xosé Ramón García volta á escea editorial para ofrecer unha interesante e completa guía de campo das plantas con flores de Galicia: 861 especies numeradas e descritas, máis outras ás que se fai referencia; dous tomos que conteñen máis de 500 fotografías a toda cor: non en balde leva anos o autor percorrendo a xeografía do país. Membro, desde a súa fundación, do Grupo Botánico Galego, boa parte das fotografías foron tomadas nas excursións programadas polo grupo; algunhas proceden dos arquivos de E. Valdés-Bermejo e F.J. Silva Pando, coñecidos botánicos galegos que revisaron o orixinal.

Disto último e doutras cousas dá conta o autor nas primeiras páxinas da publicación, onde, baixo o título de "Algunhas advertencias", explícase tamén sobre a escolma das especies, fálase da preparación e conservación das plantas e fanse interesantes anotacións sobre da súa taxonomía e nomenclatura.

A abundancia de material gráfico é un dos méritos da obra, porque resulta de inestimable axuda para unha primeira aproximación ás plantas. Pero a súa identificación ha de pasar inexorablemente pola constatación dos seus caracteres: para iso están as descrições, e, antes, as chaves dicotómicas a nivel de familia, xénero e especie. Nesta orde están incluídas no libro, por outra parte, moi coidado na súa presentación e elocuentemente prologado por Santiago Castroviejo, director do Real Xardín Botánico.

Estamos, pois, diante dunha

obra necesaria para os afeccionados á botánica e para os que queiran coñecer mellor o mundo vexetal, un mundo imprescindible para a vida na Terra, e, sen embargo, moitas veces ignorado; un mundo que tamén entra a definir a cultura dun país. Hoxe, recuperar o recoñecemento ás nosas plantas é tarefa urxente, e, neste senso, o libro constitúe sen dúbida unha interesante e meritoria contribución.

SENDEROS DE LIBERTAD


Moro, Javier

Planeta/Seix Barral

Barcelona, 1992

"Senderos de libertad" ou de cómo a defensa da selva amazónica é unha loita polos dereitos humanos. Unha prosa áxil para narrar os fortes conflitos que ven vivindo a Amazonia a través da dramática historia de Chico Mendes e máis dun dos pistoleiros contratados para eliminarlo. Unha historia real -exitosamente novelada- que abrangue desde 1942 a 1990, con epílogo e información do que foi un dos principais personaxes en 1992. A emotiva epopeia de homes e mulleres que se rebelan contra a inxusticia "institucionalizada" sen máis armas para vencer ou morrer cas propias conviccións e a forza da súa unión.

Gaucheiros expulsados dos seus míseros fogares da selva, indíxenas forzados a enfrentarse con milleiros



de mineiros que ocupan as súas terras na procura dunha riqueza que rara vez acadan, misioneiros atrapados entre a Igrexa oficial e o compromiso cos pobres, ... nunha selva na que os camiños da súa destrución avanza rápida e inexorablemente baixo os auspicios dos Gobiernos e as estratexias do Banco Mundial, co apoio dos exércitos dos terratenentes cos seus asasinados a soldo. A todos han de enfrentarse os pobres que viven da selva, sen moita máis axuda ca duns poucos avogados e ecoloxistas abnegados.

Como se di nunha contracapa do libro, este ven ser un "himno ó

valor duns homes enfrentados a adversarios moito máis poderosos ca eles, unha homenaxe ós que arriscan a vida para acadar un pouco de xusticia e de liberdade nun mundo que lles nega mesmo o recoñecemento da súa propia existencia".

De fácil lectura, é recomendable non só para coñecer como e por qué se destrúe a selva amazónica e qué significa isto realmente, senón tamén como inxección de novas enerxías para a inacabable loita polo medio ambiente e a calidade de vida.

FORGOSELO, ESPACIO NATURAL

Vales, Carlos

Bahia Edicións

A Coruña, 1992.

Edicións Bahia ven de editar un interesante e fermoso libro, Forgoselo, espacio natural. Ao longo das suas 82 páxinas podemos acceder á descrición dunha zona do país tan atractiva como descoñecida. Nas terras altas da Mariña coruñesa, entre Coruña e Ferrol, localizado, sobretudo, nos Concellos da Capela e As Pontes de García Rodríguez, aparece o macizo granítico de Forgoselo, cuns montes moi representativos dunha paisaxe rara e escasa na Galiza costeira.

O texto recolle, acompañado de estupendas fotografías e debuxos, unha detallada descrición dos distintos elementos que conforman o medio natural da zona. A paisaxe que nos presenta cae fóra da tónica imaxe idílica dunha Natureza agarimosa, chea de verde; pero o seu atractivo singular pode ser percebido por todos os que se acheguen a Forgoselo dispostos a apreciar unha soedade natural, mesmo certa desolación inicial, un ambiente no que sobresaie a fermosa paisaxe granítica.

O autor, Carlos Vales, catedrático de Ciencias Naturais no Instituto de Sada, é ben coñecido polas persoas interesadas no estudo e conservación do medio natural. Salienta por unir na súa persoa a sensibilidade cara os diversos valores que abrangue a Natureza, o seu coñecemento rigoroso desta e un claro compromiso co país. De todo isto é boa proba o libro que comentamos, no que non faltan propostas que permitirían unha axeitada conservación e uso do espácio de Forgoselo; esta alternativa que é unha cuestión central na perspectiva do autor, auténtica autoridade neste tema, supón a novidade máis sobranceira do libro.

O texto constitui unha aportación significativa á bibliografía galega sobre medio ambiente. A súa lectura é agradable e impulsa ao lector a coñecer unhas terras, Forgoselo, máis nosas desde agora.

OS INCENDIOS FORESTAIS

Análise sociolóxica do sector forestal galego

Antón Álvarez Sousa

Edicións Xerais de Galicia

Vigo, 1992



Co título "Os incendios forestais", Antón Álvarez ofrece-nos unha análise sociolóxica do sector forestal galego, froito da súa experiencia persoal adquirida nun proxecto desenrolado na Comarca do Deza, e do estudo teórico e de campo, globalizador, do sector forestal na Galiza e na franza. Comeza analisando a estrutura do monte na sociedade tradicional, para facé-lo na actual, e proceder a unha comparación coa situación na CEE.

Os incéndios, considerados como o problema ecolóxico de consecuencias máis graves hoxe, teñen como causa estrutural a situación de anomia e conflito que vive Galiza, sendo necesario resolver os problemas de vertebración política, económica e social que remedien tal situación se queremos erradicá-los.

Non bastará por tanto con "facér redíveis os montes" xa que, para o autor, o monte arde precisamente porque é rendíbel, non para os propietarios, nen para o conxunto da sociedade, senon para determinados grupos: madeiristas que ven baixar o prezo da madeira, celulosas que ven como se estende o eucalipto, ...

No plano técnico, o libro centra-se no problema da microparcelación e da-se conta dos resultados, negativos polo seu escaso éxito, dun modelo asociativo que pretende a reunión de varias parcelas colindantes nunha maior. Coutar o proceso de división das propiedades por sucesión, concentración parcelaria, e apoiar a formación de cooperativas de comercialización, son as alternativas apuntadas. Alternativas que non carecen de problemas, ecolóxicos a segunda, e de control do sector a última, pois "o que era unha cooperativa converteu-se nunha empresa privada en beneficio de grandes empresas de transformación.

DISCOS

Vitória Formosinho

O ditoso do mercado único funciona segundo para qué. Porque o que é coa cultura portuguesa mentres o caminho de ferro de Vigo a Porto siga a tardar cinco horas e os editores deste lado da raia sigan obstinados mirando ao norde, imos apanhados. Em fim, o que perdemos, porque em música por exemplo, a escea portuguesa do rock (e outras músicas populares) vem produzindo nos últimos meses cousas adoito mais interessantes do que a correspondente espanhola. Velaí umha rea delas para os que tendes ocasom de ir umha fim de semán por alí ou de os encargar a algum amigo.

Para comezar, temos aos Sitiados, um bocadinho epígonos dos Pogues - nom mui longe da onda de Celtas Cortos, polo tanto- com um disco que simplesmente leva o seu nome, Sitiados. Resistência é umha banda formada por gente dos antigos Heróis do Mar, Delfins e Xutos e Pontapés, que apresentam novas versons acústicas de velhos temas dos grupos originais, e que sería o equivalente aos "supergrupos" anglosaxóns tam de moda nos setenta. Bastante diferente é o grupo Madredeus, última formação do ex-Heróis do Mar, Pedro Ayres Magalhaes



e da magnífica Teresa Salgueiro, a meio caminho entre o fado e o minimalismo, que editou recentíssima- mente un duplo Ao vivo no Coliseu de Lisboa no que se recolhen a maior parte dos temas contidos nos seus dous discos anteriores de estudo, o mais conhecido, o Existir

Em todo caso, a estrela dos últimos meses da escea rock portuguesa é sem dúvida um disco dos veteranos

GNR (Guarda Nacional Republicana ou Grupo Novo Rock, como os senhores gostem), a formação já clássica do cantante e poeta Rui Reininho, aquel jornalista que um dia chegou a fazer umha entrevista á banda e ademais de fazer a entrevista passou a ser o seu vocalista e letrista apartir de aquel momento. Rock in Rio Douro é salientável nom só polo éxito que sigue a ter o grupo portuense senóm porque constitui um disco, no ton surrealista e

sugere das letras do Reininho de sempre, de intençom ecologica; comezando polo nome, onde mistura a referência á Rio como sede da cimeira da Terra do passado verao que sería Rio Douro para as multinacionais do negócio ambiental e o Rio Douro da sua própria cidade, e seguindo por muitos dos temas onde se combinan comentários sobre a "toxicidade ambiental" coas contínuas referências ao conflito Norde-Sul. Trata-se dum disco de muito interesse nos textos e posivelmente o mais logrado do grupo no que a música atinge. Longe da simplicidade benintencionada dumha Lena d'Agua que cantava aquilo de "antes ser activo hoje do que radioactivo amanhã, nuclear nao, obrigado" (Lena d'Auga, Perto de tí, 1982), o Rock in Rio Douro é um disco com letras mui complexas pero sempre numha linha crítica sobre a versom mais mercantil do ecologismo e que recomendamos encarecidamente.

P.D.: Olho a um par de cousas interessantes tamén no recente rock cantado em espanhol, recomendáveis polo menos por ir contra a onda esta de racismo que estamos a sofrer -ainda que non seja nova-. Trata-se do último disco do já decenário grupo radical Barricada (Balas Blancas) e mais de Piel sobre piel do album Vida y Color do mais convencional Tam Tam Go!!



Ecología Política

CUADERNOS DE DEBATE INTERNACIONAL

- 1**
- MOVIMIENTOS ECOLÓXICOS NA PERIFERIA
 - O VERDEXAR EUROPEU
 - DEBATE SOBRE O ECOLOXISMO NORTEAMERICANO

- 3**
- ECOLOXIA MUNDIAL: ANTE A CONFERENCIA DO RIO DE JANEIRO
 - A NOVA CRISE PLANETÁRIA
 - ECOLOXISMO EN ACCIÓN

- 1**
- VISIÓN VERDE DA "LENDA NEGRA"
- 9**
- A POSTGUERRA DO GOLFO
- 1**

- 4**
- ECO-FEMINISMO
 - OS VERDES NO RIO
 - A CONTAMINACIÓN DO CLORO
 - BIODIVERSIDADE E AGRO-ECOLOXIA